

REGRESO A CASA

[Zhang Yimou, 2014]

138

ESTREA EN NUMAX: 05.08.2016 | V.O.S.E. | +7

FICHA TÉCNICA

Gui lai (2014, 111')

Dirección: Zhang Yimou

Guión: Zhou Jingzhi (Novela: Yan Geling)

Reparto: Gong Li, Chen Daoming, Huiwen Zhang, Tao Guo, Ni Yan, Chun Li, Jia-yi Zhang, Peiqi Liu, Jiali Ding, Bai Qing Xin, Feng Zu, Xiaoyi Chen

Montaxe: Oliver Farkas

Son: Wei He, Jing Tao

Música: Chen Qijiang

Fotografía: Zhao Xiaoding

Produtora: Le Vision Pictures (China)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Mandarín

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Las flores de la guerra, 2011

La casa de las dagas voladoras, 2004

Hero, 2002

El camino a casa, 1999

¡Vivir!, 1994

La linterna roja, 1991

Sorgo rojo, 1988

PREMIOS E FESTIVAIS

Macau 2014 (mellor filme), Cannes

2014 (sección oficial), Seminci 2014

(sección oficial)

SINOPSE

O preso político Lu Yanshi é liberado cando remata a Revolución cultural. Cando regresa a casa, descobre que a súa muller sofre de amnesia; non o reconece e continúa esperando o retorno do seu esposo sen darse de conta de que está ao seu carón.

«Desgarradora na súa descrición das vidas ordinarias afectadas pola axitación política, esta oda aos valores fundamentais ten unha gravidade épica que lembra a outra gran novela histórica: *Doctor Zhivago*»

Maggie Lee. VARIETY



REGRESO A CASA

[Zhang Yimou, 2014]

“Gústame os filmes que teñen corazón, sentido, humanidade”

Entrevista de Jonathan Landreth

Recibiches un galardón en Hollywood mais aínda non che deron ningún Oscar. Coidas que en Hollywood se recoñece abondo o cinema chinés? Que nos pode aprender hoxe China? Coido que o recoñecemento é bastante limitado. Pola contra a aceptación do público mozo chinés cara aos filmes de Hollywood é moi alto. O extraordinario incremento do mercado cinematográfico chinés chamou a atención de Hollywood. Que podemos aprender disto? Realmente non sei que dicir, porque aínda que o noso mercado estase a ampliar con rapidez, aínda non é suficiente.

Que filmes de Hollywood admiras e por que? Moitos, non os vou citar todos. A razón pola cal me gusta un determinado filme ten a ver co meu propio criterio, por exemplo aqueles filmes que non se contentan con satisfacer ao público senón que teñen corazón, sentido, humanidade.

Falando de *Regreso a casa*, que elementos da Revolución Cultura che tería gustado incluír e por que non os metiches? Foi censurado? Todos os filmes son censurados en China, incluídos os que veñen de Hollywood. Non hai excepcións. A Revolución Cultura atópase fóra deses límites na súa meirande parte. As cousas que podes dicir sobre ela son aínda moi limitadas.

A pantalla grande ten algún futuro en China ou o público vaise restrinxir axiña ao consumo doméstico? En China cada día nacen dez novas pantallas e a xente nova tenta ir ao cinema pois é un tema de conversa, ás veces mesmo de actualidade. Non lles interesa ficar na casa. Iso é esperanzador pois no resto do planeta sucede máis ben o contrario. Agardo que se manteña a longo prazo.

Gustaríache traballar con Steven Spielberg ou tes algunha reserva logo de que el boicotease os Xogos Olímpicos de Beijín? Nunca escoitei que Spielberg fose prohibido en China. Filmes como, *Caballo de batalla* (2011) ou *Parque Jurásico* (1993) foron proxectados en China con bastante boa acollida. Sempre agardei poder facer un filme con el no que cada un de nós dirixise unha metade. O que sucede é que até o de agora non

atopamos unha historia que nos gustase aos dous. Agardo que ese día chegue axiña.

Publicado en www.chinafile.com

* * *

“Quero revertir a tendencia excesivamente comercial do mercado”

Por que decidiches realizar agora *Regreso a casa*? Non foi unha escolla. Sucedeu por casualidade porque conseguín a novela na que se basea. En China escasean os guionistas talentosos e ao dar coa novela, que non foi algo planeado, *Regreso a casa* xurdiu de seu. Eu traballo en dous vieiros, fago filmes artísticos de baixo orzamento como *Regreso a casa* e, ao tempo, continuo a facer filmes comerciais como *Hero* (2002).

Pode axudar o éxito comercial de *Regreso a casa* a reactivar o cinema de autor na industria chinesa? Si, fixen o filme para testar o mercado. Se non sae, ficaremos un tempo a maldicir e esquecerémolo axiña, mais estará ben igualmente, vains dar confianza.

Por que comezaches a facer filmes coma *Hero*? En realidade son un grande afeccionado ás artes marciais. Comecei lendo novelas de ficción sobre artes marciais durante a Revolución Cultural e cando foron prohibidas comecei a practicalas aos 17 anos.

Daquela por que comezaches a túa carreira por un camiño tan distante ao cinema de artes marciais? Cando nós —os cineastas da nomeada como quinta xeración— comezamos, o clima xeral era moi artístico. Tentamos reflectir ese clima nas historias e deixei o meu amor cara ás artes marciais a un lado por un tempo.

O teu desexo é animar a outros cineastas a producir filmes de autor en China? O que quero é revertir a tendencia excesivamente comercial do mercado. A xente sempre di que o mercado local precisa diversidade. Eu concordo en que se só se fan filmes comerciais ha resultar nocivo. Daquela realicei *Regreso a casa* dun xeito que se afasta da comercialidade.

Publicado en www.wsj.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Sorgo rojo, Zhang Yimou. Divisa [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME